



INFORME DA PORCENTAXES DE SUPERACIÓN DE MATERIAS DO GRAO EN BIOTECNOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2019-2020

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía o 14/04/2021
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 28/04/2021**

Introducción	p. 3
Resultados	p. 3
Comparativa dos resultados dos cursos 2018/19 e 2019/20	p.4

Introdución

O Grao en Biotecnoloxía da USC comezou a impartirse na Facultade de Bioloxía no curso 2018/19. No curso 2019/20 impartíronse primeiro e segundo curso.

No curso 2018/19 accederon ao grao 50 alumnos/as con notas de corte da ABAU de 12,024 e no curso 2019/20 accederon 59 alumnos/as con notas de corte da ABAU de 12,34, polo que se espera que os resultados nas distintas materias sexan entre bos e excelentes.

Resultados

A media de alumnos/as matriculados/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao das que se matriculan foi do 91,2%, esta media incrementouse lixeiramente respecto a do curso anterior (83,6%) no que só se impartiu 1º curso e no que a docencia foi presencial.

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar as porcentaxes de superación das materias para cada curso académico e curso do grao.

A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi, no curso 2019/20, do 92%; e so dúas materias (Bioloxía da Célula e Física) presentan porcentaxes de superación por debaixo do 90% (Táboa 1). A materia na que máis melloraron os resultados, respecto dos do curso 2018/19, foi Fundamentos de Procesos Biolóxicos na que a porcentaxe de alumnos/as que a superaron incrementouse en 22 puntos porcentuais. Tamén houbo incrementos importantes na porcentaxe de superación en Química, Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos, Microbioloxía I e Termodinámica e Cinética Química (incrementos de 11 15 puntos porcentuais). No resto das materias de primeiro curso as diferenzas respecto do curso anterior son moito menores (Táboa 1).

	Matemáticas	Física	Química	Biología celular	Bioestadística e diseño experimental	Técnicas analíticas e instrumentais	Biología do desenvolvemento e dos tecidos e órganos	Fundamentos de procesos biolóxicos	Microbioloxía I	Termodinámica e cinética química	promedio pond. curso
2018/2019	90%	86%	80%	82%	96%	90%	80%	68%	86%	78%	84%
2019/2020	93%	88%	93%	84%	93%	95%	93%	90%	97%	93%	92%
Media	92%	87%	87%	83%	95%	93%	87%	79%	92%	86%	88%
E.E.	1%	0%	3%	0%	1%	1%	3%	5%	3%	4%	2%

Táboa 1. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do primeiro curso do grao en cada curso académico. Inclúese a media ponderada polos créditos da porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias en cada curso do grao e curso académico. Para cada materia inclúese a media da porcentaxe de alumnos que superan dita materia xunto co seu erro estándar (E.E.). A trama vermella representa o percentil inferior do 10% da porcentaxe de alumnos que superan as materias para o total de todas as materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu.

Os resultados das materias de segundo curso (Táboa 2) son excelentes, todo o alumnado superou oito das materias cursadas, un alumno non superou Fisioloxía Vexetal e tres Transporte de Fluídos e Transmisión de Calor.

	Bioquímica I	Fisioloxía	Bioquímica II	Transporte de fluídos e transmisión de calor	Microbioloxía II	Xenética I	Fisioloxía Vexetal I	Enxeñaría Xenética	Inmunoloxía	Xenética II	promedio pond. curso
2019/2020	100%	100%	100%	85%	100%	100%	97%	100%	100%	100%	98%

Táboa 2. Porcentaxe de alumnos que superan as diferentes materias do segundo curso do grao no curso 2019/20.

Comparativa dos resultados dos cursos 2018/19 e 2019/20

A docencia do curso 2019/20 estivo afectada polo confinamento como consecuencia da pandemia mundial derivada da COVID-19, de maneira que a partir de marzo do 2020 a docencia (incluído o proceso de avaliación) mudou de presencial a telemática. No presente informe tamén se examinan as diferenzas na porcentaxe de alumnos non presentados e nas cualificacións obtidas para as materias de primeiro curso impartidas nos cursos 2018/19 con docencia presencial e 2019/20 con docencia presencial e telemática. Esta análise realízase empregando un test estatístico non paramétrico (test de Mann-Whitney) cos datos que se presentan no informe correspondentes as cualificacións obtidas polos estudantes nas distintas materias e non as modificadas

tendo en conta a nota media do expediente do alumnado (Instrución 2/2020 da Secretaría Xeral da USC en aplicación do artigo 4.3 do acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19).

Para valorar as diferenzas na porcentaxe de non presentados, calculouse o percentil do 99% das diferenzas entre a porcentaxe de non presentados para cada materia no curso 2018/19 e no curso 2019/20 (este valor foi do 10%), e esta diferenza só está próxima ao valor do percentil 99 no caso de Microbioloxía I (Táboa 3).

Obsérvanse diferenzas significativas nos resultados de catro das dez materias de primeiro curso, unha que se imparte no primeiro semestre (Química) e tres no segundo semestre (Técnicas Analíticas e Instrumentais, Fundamentos de Procesos Biolóxicos e Microbioloxía I).

Materia/Grupo	Cuatrimestre	Matriculados	Presentados	No presentados	% No Presentados	Aprobados	%aprobados presentados	%aprobados	Diferencia % de NP	Mediana	p value U_MW/W
Mate_2018/19	1º	50	48	2	4%	45	94%	90%	1%	7.9	0.509
Mate_2019/20	1º	58	55	3	5%	54	98%	93%		7.5	
Física_2018/19	1º	50	47	3	6%	43	91%	86%	2%	7.4	0.74
Física_2019/20	1º	60	55	5	8%	53	96%	88%		8.1	
Química_2018/19	1º	50	47	3	6%	40	85%	80%	3%	6.2	0.012
Química_2019/20	1º	59	57	2	3%	55	96%	93%		7.5	
BioCel_2018/19	1º	50	47	3	6%	41	87%	82%	1%	7.5	0.147
BioCel_2019/20	1º	61	58	3	5%	51	88%	84%		8.1	
Bioest_2018/19	1º	51	49	2	4%	49	100%	96%	2%	8.0	0.234
Bioest_2019/20	1º	60	59	1	2%	56	95%	93%		7.6	
TecAnal_2018/19	2º	50	46	4	8%	45	98%	90%	3%	7.6	0.000
TecAnal_2019/20	2º	57	54	3	5%	54	100%	95%		9.6	
Desenvol_2018/19	2º	50	46	4	8%	40	87%	80%	0%	8.0	0.549
Desenvol_2019/20	2º	58	56	2	3%	54	96%	93%		8.1	
FundPB_2018/19	2º	50	42	8	16%	34	81%	68%	6%	6.9	0.002
FundPB_2019/20	2º	63	57	6	10%	57	100%	90%		7.6	
Micol_2018/19	2º	50	44	6	12%	43	98%	86%	10%	6.1	0.000
MicroI_2019/20	2º	58	57	1	2%	56	98%	97%		7.5	
Termod_2018/19	2º	51	50	1	2%	39	78%	76%	0%	6.6	0.124

Termod_2019/20	2º	59	58	1	2%	55	95%	93%	7.3
----------------	----	----	----	---	----	----	-----	-----	-----

Táboa 3. Inclúense para cada materia os alumnos presentados, os non presentados e a súa porcentaxe, a porcentaxe de aprobados dos alumnos presentados e a porcentaxe de aprobado dos alumnos matriculados. Inclúese igualmente as diferenzas na porcentaxe de alumnos non presentados (NP), a mediana e o valor da probabilidade do test da U de Mann-Whitney (resaltando en vermello os valores significativos para unha $p < 0.05$).